



Yuisa Villalta

2º Educación Primaria Día das letras galegas 2024



Luísa Villalta Gómez naceu na Coruña o 15 de xullo de 1957.

De pequena estudou na súa cidade natal, no colexio das Xosefinas e no instituto Eusebio da Guarda.

Tamén estudou na Universidade de Santiago de Compostela e traballou como profesora de Lingua e Literatura Galega en varios institutos da provincia da Coruña.

Luísa colaborou en moitas publicacións galegas: A Nosa Terra, Man Común, Grial, Luzes de Galicia... e algúns destes artigos foron recollidos no *Libro das colunas*.


Tamén foi unha grande intérprete de violín, e formou parte, entre outras, da Orquestra de Santiago de Compostela e da Xove Orquestra de Galicia.

O seu primeiro libro foi unha obra de teatro, *Concerto para un home só*, ao que seguiron unha chea máis de libros de poesía, narrativa, teatro, ensaio...

Pola defensa da cultura de Galicia e do idioma galego a Real Academia Galega dedícalle, o 17 de maio, Día das Letras Galegas.



Luísa Villalta Gómez foi profesora en varios institutos da provincia da Coruña



O primeiro libro publicado de Luísa foi *Concerto para un home só*, unha obra de teatro

1. Ordena as letras para formar o nome e os apelidos da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2024.







2. Que sabes da vida de Luísa? Responde.

Onde naceu?

En que universidade estudou?

Traballou como profesora. Saberías dicir que idioma ensinaba?

3. Colorea tres publicacións galegas nas que colaborou Luísa.

A NOSA TERRA

LUZES DE GALICIA

A VOZ DE MONELOS

GRIAL

ADRA

MAN COMÚN



4. Colorea o libro no que foron recollidos algúns dos artigos de Luísa Villalta.



5. Que instrumento musical tocaba Luísa? Coloréao.



6. Que tipo de obra foi o seu primeiro libro? Sigue o código para descifrar a resposta.



7. Xogamos ás cartas? Hainas que recortar, repartir entre os compañeiros e atopar quen ten a resposta correcta.



8. A roda das preguntas. Recorta e pega a roda nunha cartolina, crava unha chincheta na parte inferior e asegúraa cun tapón de cortiza na parte superior. Xa tes un disco xirador! Dálle unhas voltas e contesta á pregunta na que se apoia ao parar de xirar.

os materiais



chincheta



tapón de cortiza



9. Descubre o título da primeira obra editada de Luísa Villalta.

C	N	O	T	S	E	M	U	A	H	R	P

cadernos da escola
 la dramática galega
 N.º 76 - Marzo, 1989
 Administración: XOÁN M. LÓPEZ EIRIS Coordinador: MANUEL LORENZO
 Director: FRANCISCO PILLO MAYOR Sta. Teresa, 18-baixo

CONCERTO
 ...
 ... HOME SÓ

AS CHAVES DO TEMPO

.I

No tempo en que había reis na Galiza, houbo un que tivo fama de nobre, xusto e de bo corazón. Durante o seu reinado nada faltou ás xentes, nin o millo, nin o peixe, nin o gando. As vilas eran pequenas, pero todas elas ben diferentes. Se en Carral había pan, en Cambre queixos e leite, en Muros e Vigo peixe a manchea, en Santiago artesáns cantos se quixer, e na Coruña comerciantes que vendían e compraban, ademais de facer beneficiosos tratos cos outros países de alén mar. Este rei chamouse Arturo, en honra de outro que disque fora seu parente entrego.



ACTIVIDADES

1. No texto fálase do pan de Carral. Sabes que hai unha festa, de temática medieval, dedicada a este produto? Nesa festa tamén hai, por suposto, un obradoiro de pan. Ordena os pasos que fan as nenas e os nenos para facelo.

AMASAR

FORMAR

CORTAR


ENFORNAR

MESTURAR

- 1 ► **M** _ _ _ _ _
- 2 ► _ **M** _ _ _ _ _
- 3 ► _ _ _ **M** _ _
- 4 ► _ **N** _ _ _ _ _
- 5 ► **C** _ _ _ _ _



2. Completa o rei seguindo o modelo.



3. Repasa o texto e relaciona cada produto coa localidade axeitada. Colorea.



CARRAL

CAMBRE

MUROS

SANTIAGO


A CORUÑA



4. Ordena por orde alfabética as seguintes poboacións que saen no texto e que figuran no recadro.


Santiago Muros Cambre Carral Vigo Coruña

1	_____
2	_____
3	_____
4	_____
5	_____
6	_____




5. Segundo di o texto de Luísa Villalta durante o reinado do rei Arturo nada faltou ás xentes, nin o millo, nin o peixe, nin o gando. Saberás colocar o nome de cada produto onde lle corresponde? Colorea.

**MEL FABAS MILLO PATACAS TOMATE
LEITUGAS CHÍCHAROS**



6. Saberías ordenar os seguintes prezos de maior a menor?

€	>	€	>	€	>	€
€	>	€	>	€	>	€
€	>	€	>	€	>	€




7. Resolve estes dous xeróglifos relacionados co texto.

Como se chamaba o Rei?



O TEU...
[EN CASTELÁN]



[PRIMEIRA SÍLABA]

--	--	--

ARTURO


Traballa coa madeira



[EN INGLÉS]



Eu ...
[PINTAR, EN PASADO]



[PRIMEIRA SÍLABA]



--	--	--

CARPINTEIRO


8. Ordena as letras e forma o nome de cinco localidades que aparecen no texto.

C R A R A L

M O U R S





C A B M R E




R U Ñ O C A


O G I V



S A I N T G O A



9. Colorea, recorta e monta o dado. Xoga con el e escribe unha historia relacionada co que saia na tirada.



AS CHAVES DO TEMPO

.XV

Baixaba o sol e desquecía a arexa da tarde. Isaura recolleu os panos de cores arredor da carreta, que adoitaba tender para chamar a atención. Tristán limpou e gardou os laúdes, tiorbas e chirimías con que daba variedade e finura ao seu repertorio. O público, despois de deixar caer unhas moedas na alfombra sobre a que bailaba Isaura, fora retirándose, uns e outros boceando coa fame. Tristán e Isaura subiron á carreta e puxéronse en marcha. As aves da tarde, estorniños e pardais, revoaban con estrondo anunciando que o tempo cambiaba. Ao lonxe uns corvos tamén espreitaban por apañar os refugallos de grans que sempre ficaban estrados cando recollían a feira.




ACTIVIDADES

1. Os laúdes, tiorbas e chirimías eran instrumentos antigos. Pero hai outros máis modernos que ti seguro coñeces. Ordena as sílabas e descúbreos.

ta - gui - rra ▶

te - a - rí - ba ▶


fón - xo - sa ▶



2. Fíxate e descubre as cinco diferenzas entre os dous debuxos.




3. Tristán e Isaura eran un dúo que actuaba polas vilas en busca dalgúns cartos para poderen sobrevivir. Axúdaos a chegar ao seu próximo destino. Colorea o camiño e os debuxos.



4. No texto fálanos de estorninos e pardais, pero hai moitos máis tipos de paxaros en Galicia.

Descubre na sopa de letras o nome dos cinco paxaros que figuran no recadro.

ANDORIÑA LAVANDEIRA MERLO CORVO BUBELA



5. Escolle o sinónimo destas palabras que aparecen no texto.

ficaban
retiráronse
cambiaba
apañar





recoller ► _____

permanecían ► _____

marcháronse ► _____

mudaba ► _____

6. «Xa baixaba o Sol e a xente bocexaba coa fame». Que comida do día pensas que ían tomar? Relaciona cada unha coa máis axeitada.



ALMORZO ■

TACO ■

XANTAR ■

MERENDA ■


CEA ■

7. Une cada definición co nome do instrumento e colorea da mesma cor. Pinta o laúde.

Instrumento de corda que presenta dous grupos de cavillas dispostos nun único mastro.

Instrumento músico de vento feito de madeira, semellante a un clarinete.

Instrumento músico de corda coa caixa de resonancia en forma de media pera.



LAÚDE

TIORBA


CHIRIMÍA

8. Colorea o nome das dúas aves que anunciaban o cambio de tempo. Colorea e completa o nome dunha delas.

ESTORNIÑO

CORVO


PARDAL



E _ _ _ R _ _ Ñ _ _

9. Coloca o nome das pezas do carro onde lle corresponda.

XUGO FUNGUEIRO CABEZALLA EIXO RODA



10. Atopa no texto dous nomes propios e dous comúns. Engade ti dous máis a cada lista e que comecen pola letra que se indica.

PROPIOS		COMÚNS	
_____	R _____	_____	S _____
_____	M _____	_____	C _____

11. Une as partes do día coa súa definición.



Parte do día que vai desde que comeza a pórse o sol ata que se fai noite.



Hora en que o Sol se pon, e feito de ocultarse este no horizonte.



Abrir o día, aparecer a luz do Sol pola mañá.



Momento do día, entre a noite e o día, en que a primeira claridade permite distinguir as cousas coma sombras.